

EIXE 2 | A Recuperación como meta

PROGRAMA ACOMPAÑAMENTO INTEGRAL PARA PREVENCIÓN DO SUICIDIO

Entidade executante

Asociación Albores saúde mental

(<https://albores.org/>)

Ámbito territorial

Desenvólvese nas localidades do sur de Lugo: Carballedo, Chantada, Folgoso do Caurel, Monforte de Lemos, Pantón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao, A Pobra de Brollón, Sober e Bóveda

Persoas destinatarias

Persoas en situación de risco de suicidio de entorno rural e ás súas familias

Obxectivos

Xeral:

Previr o suicidio entre a poboación en risco do sur da provincia de Lugo

Específicos:

- Favorecer a saúde mental e o benestar emocional
- Favorecer un bo estado de saúde física e previr a enfermidade e a discapacidade
- Promover as relacións afectivas e familiares saudables
- Reducir o impacto das problemáticas socioeconómicas
- Reducir o impacto dos problemas xurídicos
- Mellorar a psicoeducación familiar

Metodoloxía

Traballo en rede como recurso asistencial de proximidade para apoiar e completar as intervencións levadas a cabo
Séguese o modelo humanista existencial, concibindo á persoa coma un ser que busca a autorrealización para dar sentido á súa vida
A introdución das TICs na metodoloxía de execución para facilitar o contacto da persoa co equipo técnico
Utilízase a metodoloxía participativa e colaborativa en todas as fases do proxecto, que contempla a participación das persoas usuarias permanentemente e enfócase a establecer alianzas con cada unha delas
Séguese os requisitos da Norma ONG con Calidade. No proxecto documentaranse as fases do ciclo PDCA: Planificación, execución, medición e avaliación ou mellora